

DECRETO

EXCMO. SR. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, ALCALDE PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA AS OBRIGAS ECONÓMICAS DERIVADAS DA REDACCIÓN DE PROXECTO DO ESPAZO PARA O MONUMENTO Á ALCALDESA DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO E POSTERIOR DIRECCIÓN FACULTATIVA

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 22-2025, por un importe total de 4.244,68,00 €, dentro do vixente orzamento municipal do 2025, para dar cobertura as obrigas económicas derivadas da redacción de proxecto do espazo para o monumento á alcaldesa Dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo e posterior dirección facultativa, según pon de manifesto na súa solicitude a arquitecta municipal, Susana Penedo Souto o 23.07.2025 coa conformidade do responsable da área xestora e vista a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento Xeral, solicítase por parte desta, a tramitación dun expediente de transferencia de crédito:.

"...A transferencia de crédito é necesaria para acometer un gasto totalmente imprevisible en atención á demanda social que así insta a facelo e poder proxectar un espazo que sirva para a colocación da estatua na súa honra para que sempre perdure na memoria de lucenses e visitantes a excelente persoa e xestora que foi"

Tendo en conta a dispoñibilidade orzamentaria das aplicacións orzamentarias que ceden crédito sinaladas a continuación, segundo se acredita nos estados de execución orzamentaria.

Visto que se trata dunha necesidade urxente e non previsible, e que o crédito do que se dispón corresponde a gasto corrente da mesma área e polo tanto non se traslada consignación doutros servizos que doutro xeito non se empregaría, correspondendo a gastos de persoal dun posto vacante.

..."

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Refs: 2025/1197, do 28.07.2025, así como o Mandamento contable Mandamento contable RCMOD Ref.: 48639/2025, por importe de 4.244,68 € do 24.07.2025.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

INTERVENCIÓN

LVP/mlv

Refª: ispac8462371041451615873.doc

Asunto: Decreto transferencia de credito 22-2025

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 4.244,68 € para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIA S QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIA S QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>C.P.</u>	<u>IMPORTE €</u>
15100.12000	4.244,68 €	15100.60900	25XX00046	4.244,68 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	4.244,68 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO		4.244,68 €

SEGUNDO. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.